



Asociación Naturalista "Baixo Miño"

-ANABAM-

EFFECTOS DO

PICUDO VERMELLO

(Rhynchophorus ferrugineus)

NAS PALMEIRAS DA GUARDA

(Pontevedra)

Agustín Ferreira Lorenzo

© Agustín Ferreira Lorenzo, 2018

© ANABAM, 2018

Apdo. 59 36780 A GUARDA (Po)



Contacto: ANABAM
61 61 80 557



Correo electrónico: anabam.anabam@gmail.com

Páxina web: www.anabam.org

DL VG 773-2018



Este traballo foi subvencionado parcialmente
polo Concello da Guarda, con arranxo á con-
vocatoria de subvencións do ano 2018.



Asociación Naturalista "Baixo Miño"

-ANABAM-

**EFECTOS DO
PICUDO VERMELLO
(*Rhynchophorus ferrugineus*)
NAS PALMEIRAS DA GUARDA
(Pontevedra)**

Colaboración: María Ángeles Villasenín Álvarez

Revisón: Noé Ferreira Rodríguez
Mª Consuelo González de Dios
Manuel Ángel Pombal Diego

Agustín Ferreira Lorenzo



RESUMO

Con este traballo sobre as palmeiras da Guarda preténdese deixar constancia dos efectos do picudo vermello sobre as mesmas. O informe abarca catro anos, dende o outono do ano 2014 (primeira cita da presenza do picudo na Guarda), ata o outono do 2018.

O primeiro que nos propuxemos foi, como pescudar cantas palmeiras había na Guarda antes da chegada do picudo e onde se atopaban. Para conseguir gran parte desta información seguimos doux camiños: por unha banda utilizamos as imaxes do Google Maps e do CNIG (Centro Nacional de Información Geo-

gráfica), e por outra banda percorremos praticamente tódalas rúas guardesas para obter datos *in situ*, incluídas fotografías. Finalmente, xa na última etapa, cando os datos eran definitivos, procedemos a realizar algunas entrevistas a propietarios de palmeiras, sobre todo daquelas que foron sometidas a tratamento, para que nos contaran de primeira man ás súas impresións.

Nun mundo globalizado, onde as mercadorías xa non teñen barreiras e os desprazamentos de largas distancias, de países afastados, se realizan en cuestión de horas, casos como o do picudo han ser cada vez más comúns polo que as invasións biolóxicas estarán, están xa, á orde do día.

CONCLUSIÓNS

En todo o municipio guardés foron escasas as palmeiras tratadas. Agás algunha excepción, na maior parte dos casos os resultados acadados foron praticamente nulos, pode deberse isto a non cumplir os prazos no tratamento efectuado nas mesmas. Aínda que había un protocolo establecido pola Xunta de Galicia, este, en xeral, non se cumpliu nin pola administración local nin polos particulares. Tampouco estraña este comportamento dado o desembolso económico que supuña loitar contra o escaravelllo. Ademais de ser prolongado no tempo e do custe que supuña o tratamento, os resultados eran incertos, polo que a maior parte das palmeiras non se lles prestou os coidados nece-

sarios, o resultado final, pois non podía ser moi positivo.

O más lamentable foi a perda das palmeiras históricas, con preto de cien anos de vida.

Resumimos a continuación os datos recompilados ao longo dos catro anos de seguimento. Todos estes datos están referidos á especie *Phoenix canariensis* (palmeira de Canarias) que ata o momento foi a única atacada polo picudo vermello.

Palmeiras existentes antes da chegada do picudo.....	313
Palmeiras existentes no ano 2017.....	70
Palmeiras existentes no ano 2018.....	33
Palmeiras danadas en catro anos.....	282
Palmeiras “históricas” no municipio.....	4
Palmeiras “históricas” salvadas.....	0

PICUDO VERMELLO



Fig. 1

De nome científico **Rhynchophorus ferrugineus**, é un escaravello orixinario de Asia. En España detectouse por primeira vez no ano 1994 en Almuñécar (Granada). Para Galicia os primeiros datos corresponden ao ano 2013, cando se observou en Gondomar (Pontevedra). Un ano despois, ANABAM, a través do autor deste informe, detéctao na Guarda.

O escaravello ten unha lonxitude



Fig. 2

Fig 1: Exemplar adulto, coa súa característica cor vermella.

Fg.2 e 3: Femia e macho, respectivamente. O dimorfismo sexual é patente.

A femia posúe un rostro ou bico máis longo e curvado que o macho, ademais carece da característica pilosidade que ten o macho no parte superior do rostro.



Fig. 3

media duns 3 cm., e cor vermella, de aí o seu nome. Pertence á orde coleóptera, familia curculionidae. A larva, é de cor abrancazada que logo pasa a amarelenta (Fig.4), podendo chegar aos seis cm. de lonxitude; esta constrúe unha cápsula (Fig.5) no interior da palmeira coas fibras da mesma. Nesa cápsula, vai sufrir a metamorfose para converterse en insecto adulto ao cabo dunhas catro semanas, ainda que pode chegar a esta fase moito antes, dependendo das condicións meteorolóxicas. (Fig.6). Na mesma palmeira estes insectos coincidirán nas súas diferentes fases, e é que mentres teñan alimento non necesitan desprazarse. Tamén, o número de individuos pode sobrepasar os 200 exemplares na mesma palmeira.

No Baixo Miño as palmeiras más afectadas son as palmeiras de Canarias xa que tamén son as que predominan. Porén na medida que estas vaian secando, é máis que probable que vaian na procura doutras especies, como pode ser a datileira.



Fig. 5




Fig. 6



Fig. 4


PALMEIRAS




ALGÚNS DATOS DO PICUDO NO BAIXO MIÑO E ENTORNO PRÓXIMO

No ano 2014 comezan no Baixo Miño a verse os primeiros exemplares afectados polo picudo vermello (*Rhynchophorus ferrugineus*), pero, tanto na beira portuguesa, como no Val Miñor, concretamente en Nigrán (IES Proval) xa se detectara a súa presenza un ano antes. En España, este insecto aparece por primeira vez no ano 1994, en Granada. ANABAM rexistra os primeiros datos dunha palmeira atacada en Tomiño, o 26 de xuño de 2015¹. Tamén se observou outra palmeira afectada no Pazo “El Pilar”, en Tui¹. Na Guarda, os datos son de 2014, como xa se deixou constancia anteriormente.

PALMEIRAS 2014-2017



PALMEIRAS 2014 -2018



Nota: Campos.= Camposancos

No momento de redactar este informe, novembro 2018, quedan no concello de A Guarda únicamente 31 palmeiras sans (dun total de 313) e dúas más afectadas que probablemente acaben mal paradas en pouco tempo.

Consideramos que o punto de entrada na bisbarra do Baixo Miño pudo producirse a través da fronteira portuguesa, xa que nesa beira o número de palmeiras afectadas ao longo da marxe fluvial do Miño, estrada EN Valença-Caminha, era moi patente². A única barreira existente entre as dúas riveiras sería precisamente o río Miño, mais, para estes insectos, que poden voar doadamente varios quilómetros, non supón impedimento algúin.

AS PALMEIRAS GUARDESAS

Ecoloxicamente, no Baixo Miño en xeral e na Guarda en particular, as palmeiras carecen de valor algúin, porén,

¹ Ricardo da Silva Diz, axente forestal.

² Noé Ferreira Rodríguez, membro de ANABAM.

son refuxio para varias especies de aves urbanas, fundamentalmente pardais así como para a cotorra de Arxentina, que teñen nelas o seu principal nicho. Podemos dicir que o único valor que posúen é o ornamental, agás algunas excepcións no que ademais teñen tamén un valor cultural, patrimonial, máis que nada por que representan un período da vida local relacionada coa emigración a América. Son as palmeiras centenarias, ou case que centenarias, situadas en puntos moi concretos. Na Guarda estas palmeiras eran catro exemplares que se achaban nos seguintes lugares:

Alameda da Guarda.....	1
Castelo de Santa Cruz.....	2
Chalé de Celso Vicente Trigo no inicio do Coruto.....	1

Ningunha destas catro palmeiras "históricas" conseguiu sobrevivir ao paso inexorable do picudo vermello e hoxe só quedan testemuñas da súa presenza a través das fotografías obtidas no seu momento, ou o tronco (estipe) dalgúnhas.

A maior parte das palmeiras guardesas eran exemplares de menos de 30 anos, polo que, como xa se comentou, eran simples elementos decorativos das novas construcións tipo chalés ou de ornamentación de xardíns públicos.

Bastantes destas palmeiras formaban núcleos de varios exemplares moi próximos entre si, o que, evidentemente, tamén favoreceu unha más fácil e rápida propagación. Destacamos catro puntos de máxima concentración:

Centro Cultural con 22 palmeiras ata o 2014, e con soamente 7 exemplares no momento da redacción deste traballo (novembro, 2018), todas elas de poucos anos e dunha altura que non supera por termo medio os catro metros.

A Estivada-Os Bechos, onde se distribuíán 12 exemplares, dos que hoxe non queda ningún san, manténdose en pe os troncos dalgúnhas delas.

O Coruto, particularmente as fincas denominadas de D. Eloy e de César Vicente, contabilizándose na zona un total de 17 palmeiras, das que nestes intres soamente hai tres aparentemente sans.

Donantes de Sangue, estrada na saída da Guarda dirección Baiona, contabilizábanse oito exemplares, hoxe non existe ningún.

A Sangriña, fronte á zona escolar, contabilizábanse dez palmeiras, non quedando en pe ningunha delas.

Ademais de todo o anterior, existían varias fincas, e mesmo algúñ frontal de comercio, no que se chegaban contabilizar ata cinco ou seis exemplares, como acontecía no barrio de Rosentes, na Guía, no comercio/taller da Renault (A Gándara) ou no Centro de Saúde.

PALMEIRAS POR PARROQUIAS

O ano 2014 marca un antes e un despois na historia das palmeiras do concello da Guarda. Segundo o censo realizado por nós, había por entón 313 exemplares de **palmeira de Canarias (*Phoenix canariensis*)**, repartidos polas tres parroquias que forman este municipio. Polo número de pal-

2014: Sans 313-100%



Gráfico 4

2017: Sans 61-19,5%




Gráfico 5

2018: Sans 31-10%




Gráfico 6

Nota: Campos.= Camposancos

meiras, Salcidos ocupaba o primeiro posto, seguido da Guarda e a continuación Camposancos (Gráfico 1). Evidentemente, ata ese ano todalas palmeiras estaban sans e a preocupación para a súa conservación non existía.


A partir do citado ano, fai a súa aparición

un insecto de orixe asiática denominado **picudo vermello**, pola cor que ten, ou **escaravello das palmeiras (*Rhynchophorus ferrugineus*)**; Fig. 1), que un ano antes fora detectado por primeira vez en Galicia, precisamente nun concello próximo, Gondomar. Este escaravello ataca ás palmeiras polo que, unha vez presente na bisbarra, estas difícilmente ían escapar del.


A aparición do picudo tornouse letal para as palmeiras. Por empezar, tres anos despois de ter observado o primeiro exemplar afectado, a porcentaxe e número de exemplares sans en cada parroquia mudou radicalmente con respecto ao ano de referencia, o 2014. No 2017, a parroquia de Salcidos pasa a ocupar o segundo posto en en canto ao número de palmeiras, mentres que a da Guarda acaparaba o maior número de exemplares, dobrando o número dos existentes nas parroquias de Salcidos e Camposancos xuntos (Gráfico 2). O descenso foi tan grande que praticamente o 80% das palmeiras existentes ata entón quedaron danadas irreversiblemente. Nada menos que 252 exemplares tiveron que ser cortados ou quedaba deles unicamente o tronco e as follas secas; algúns mesmo foran tratados previamente, pero de pouco valeu porque, agás algunas excepcións, a maioría tamén sucumbiron.

Mais a cousa non paraba nese ano, senón que todo seguía igual, a ritmo acelerado. No ano 2018, dende setembro ata mediados de novembro, realizamos un novo censo en toda A Guarda para coñecer como


2014-2017: Danadas 243-77,5 %



2014 -2018: Danadas 280 -89,5,5 %



2018: Danadas 37-53,5%



Nota: Campos.= Camposancos

O triénio 2014/2017 deixou profunda pegada nas palmeiras guardesas polos efectos tan negativos do picudo vermello sobre elas. Das 313 palmeiras existentes no primeiro dos anos citados, pasouse a ter 61 exemplares sans no 2017, e 9 afectados. A finais do 2018, a presenza de palmeiras na Guarda case resulta ser anecdótico.

actuara o picudo nun ano sobre as poucas palmeiras que xa quedaban. Das 70 palmeiras que chegaron a finais do 2017, entre as sans e as afectadas, sobrevivían no 2018 unicamente 33 exemplares, dous deles xa afectados, ou sexa, a metade, ou o que é o mesmo, un 10% das que había catro anos antes (2014). Salcidos, que por aquel entón ocupaba o primeiro posto en número de exemplares, pasou a ser o último, e das 122 palmeiras que tiña inicialmente, quedou neste ano 2018 con unicamente 6 exemplares, ou sexa, case que un 5% do seu potencial inicial.

A primeira palmeira da que temos constancia do ataque do escarcello corresponde a un exemplar situado no parque infantil do Pescador, no barrio mariñeiro guardés. Acontecía o feito no verán do ano 2014, porén, aínda non se sabía moito do tema, lembremos que as primeiras informacóns do mesmo correspondían a un ano antes, polo que o concello simplemente se limitou a cortar o exemplar polo perigo que entrañaba a caída das follas sobre os transeúntes ou sobre os nenos que xogaban no parque e trasladalo para a súa destrución.

A observación do segundo exemplar acontecía tamén no verán dese mesmo ano, correspondía a unha palmeira situada nunha finca particular, na entrada de Camposancos, no lugar coñecido popularmente como "transformador" (Fig. 2). Con este segundo exemplar esperou en nós o interese polo ataque do

escaravello sobre as palmeiras da bisbarra baixomiñota, e levamos a cabo un seguimento das mesmas.

Os letais e rápidos efectos do picudo vermello non tardaron demasiado en verse. Dende a aparición do primeiro caso ata o ano 2017, isto é, en tres anos, 243 palmeiras sucumbiron e outras 9 presentaban serios síntomas do ataque do picudo. A parroquia de Salvicos levaba a palma en canto ao número de palmeiras afectadas. Así que, das 313 palmeiras contabilizadas en todo o termo municipal da Guarda, únicamente 61 palmeiras resistían ao imparable ataque do escaravello despois de tres anos da súa aparición.

Entre primeiros de setembro e mediados de novembro do ano 2018, ou sexa, un ano despois da nosa última recollida de datos, levamos a cabo un novo censo de palmeiras nas tres parroquias guardesas. O resultado foi, como non podía ser doutro xeito, o esperado, e o número de palmeiras volveu diminuír de xeito drástico. Das 70 palmeiras que en mellores ou peores circunstancias quedaran un ano antes, contando as que presentaban síntomas e as sans, quedaron danadas irreversiblemente 37 e 2 más presentaban síntomas que, evidentemente, en cuestión de semanas acabarán engrosando a listaxe das palmeiras danadas. No momento da redacción deste informe, finais de novembro de 2018, 31 áinda presentan bo aspecto, e algunha delas víase que estaba sendo tratada. Neste último ano, a parroquia da Guarda foi a que máis sufriu o ataque, con máis do 50 % das palmeiras que había no 2017 danadas, cousa que non sorprende se temos en conta que tamén era a que contaba con maior número de exemplares nese ano, superando ás das outras dúas parroquias xuntas, polo que o

picudo tiña máis doado o acceso ás mesmas. Dos datos anteriores observamos que o 50 % da totalidade das palmeiras que quedaran no último ano foron atacadas e danadas irreversiblemente polo escaravello.

PALMEIRAS TRATADAS

O tratamento das palmeiras non é barato que digamos e o resultado final, mesmo incerto, por non decir abertamente, escaso ou nulo na maior parte das tratadas. O custe medio está entre 60-80 euros por palmeira cada tres meses, ou sexa, entre 240 e 320 euros/ano. Falamos con varios propietario/as, e unha delas, que contaba con seis palmeiras na súa finca (1.800 euros/ano), levaba dous anos tratándoas. Inicialmente parecía que o tratamento daba resultado, porén, a cousa comezou cambiar e das seis, tres xa quedaron afectadas irreversiblemente no terceiro ano. Garantías, pois, poucas. Outro problema xurde coa eliminación dos exemplares irrecuperables ou cos que non se quere tratar polo custoso que resulta. Moitas das palmeiras quedan na mesma finca e soamente se procede a cortarlle as follas para evitar accidentes. O motivo é, novamente, o prezo. Talar e eliminar (soterrar ou triturar) unha palmeira está entre os 400 e os 1.000 euros, cantidades verdadeiramente desorbitantes para moitos petos. Por este motivo, a maior parte dos propietarios decídense por deixar as palmeiras onde estaban e, en consecuencia, os escaravellos acabarán abandonándoas cando xa non teñan alimento para ir na procura doutra. A administración tamén segue estas mesmas pautas, e moitas das palmeiras de responsabilidade municipal tamén acaban por se deixar no mesmo lugar onde esta-

ban, eliminando unicamente as follas para evitar posibles accidentes. No caso das palmeiras que son responsabilidade do concello da Guarda, realizar tratamentos preventivos e eliminar aqueles exemplares que xa están danados, seguindo o protocolo estipulado, podería supoñer un desembolso superior aos 10.000 euros/ano ás arcas municipais.


Das dezanove palmeiras, cinco de propiedade municipal e catorce de propiedade privada, que temos coñecemento de que foron obxectoalgún tipo de tratamento por diferentes empresas, unicamente sobreviven sete exemplares.

Diante deste panorama, pódese dicir que, en xeral, non se combateu pola maioría da poboación ao picudo agás, como acabamos de ver, uns poucos casos illados. Os remedios subministrados non foron en xeral eficaces, ben porque o picudo foi resistente aos mesmos ou ben porque non foron dados en condicións axeitadas. Tal vez a inexperiencia tamén xogou a favor deste insecto. En definitiva, tal e como expuxemos, as palmeiras só teñen un valor ornamental e a perda das mesmas non representa un grande trauma para a maioría dos propietarios e esta é a principal razón de non combater ao picudo de xeito eficaz e radical.

Cadro resumo das palmeiras do termo municipal da Guarda

	2014	2014-2017			2018				Total 2018
	TOTAL SANS	SANS	DANA- DAS	AFFECTA- DAS*	SANS	DANA- DAS	AFFECTA- DAS*	Total 2018	
A Guarda	107	34	69	4	17	20	1	38	
Camposan- cos	84	10	72	2	8	4	0	12	
Salcedos	122	17	102	3	6	13	1	20	
TOTAL	313	61	243	9	31	37	2	69	

* Considéranse **afectadas** aquelas palmeiras que presentan signos evidentes de estar atacadas polo picudo. Nalgúns casos estas palmeiras poderían ser recuperadas, cando o dano ainda non é xeneralizado, porén ditas palmeiras déixanse sen ser sometidas a tratamento algun.



O efecto do picudo vermello sobre as palmeiras guardesas queda perfectamente reflectido nestas fotografías nas que se amosa a súa distribución antes (2014) e despois (2018) do letal ataque do escaravello. Os 313 exemplares que había no 2014 distribúianse amplamente por todo o territorio, agás no centro urbano guardés. Na actualidade, os poucos exemplares que quedan, 31 (un 10% dos que había inicialmente), áchanse fundamentalmente na parroquia da Guarda, a cal duplica en número os de Camposancos e Salcidos xuntos. É previ-

sible que nun par de anos, isto é, no 2020, o número de palmeiras non chegue á ducia de exemplares no mellor dos casos; por unha banda combater ao picudo non parece interesar a ningún, e por outra, certo é, que as palmeiras que quedan tampouco teñen maior interese por tratarse de exemplares de poucos anos. Aínda así, algúns propietarios, os menos, tratan de salvar os exemplares da súa propiedade, pero mesmo parece que a batalla pode darse por perdida.



Á esquerda, fotografía da segunda das palmeiras afectadas no municipio guardés, localizada na entrada da parroquia de Camposancos, no lugar coñecido como “transformador”; este exemplar amosa claros síntomas do ataque do picudo.



OUTRAS PALMEIRAS

Na Alameda guardesa ademais da palmeira de Canarias atopamos un único exemplar doura palmeira a **Palmeira datileira (*Phoenix dactylifera*)**, posiblemente a más escasa das palmáceas que haxa nesta localidade. Ata o de agora non vemos síntomas do ataque do picudo na mesma, pero non se pode descartar que, a medida que desaparezan as palmeiras de Canarias, sexan as desta especie as que continúen polo mesmo camiño que aquelas, pois son tamén das preferidas por este insecto.



Palmeira “histórica” situada na Alameda da Guarda. Á esquerda en decembro de 2016. Aínda estaba en todo o seu esplendor e nada facía presaxiar o destino que lle esperaba. Pero nós xa alertáramos ao concello guardés para que fixese un seguimento tanto desta palmeira como das demás da vila. Fotografía da dereita, en xaneiro de 2018. Pasara un ano entre as dúas fotografías e os signos da enfermidade eran evidentes. Pouco despois sería cortada para evitar accidentes.

Este é o único exemplar de palmeira de Canarias que queda (dos dous que había) na Alameda da Guarda. Pero observamos que a copa parece que xa está afectada polo que de non levarse a cabo un tratamento inmediato, en poucos meses correrá a mesma sorte que o exemplar anterior. A fotografía é de outubro de 2018.



Palmeiras da finca de Celso Vicente, no Coruto. Arriba no ano 2014. Na más alta delas, unha das “históricas” da Guarda, tiñan o seu niño algunas cotorras de Arxentina. A fotografía inferior, corresponde ao mes de agosto do 2016. A palmeira “histórica” aínda non fora atacada, como si o estaban a maioría das restantes que había na finca. No 2017, xa non había san ningunha das seis que conformaban este núcleo, pero todas elas continúan alí, entre outras posibles razóns, polo prezo que supón a súa eliminación.



As dúas palmeiras “históricas” do Castelo de Santa Cruz pasaron xa a mellor vida. A da esquerda no 2016, e a da dereita no 2017. A día de hoxe (novembro de 2018), os troncos é o único que queda daqueles espléndidos exemplares que se ergúían impoñentes, maxestosos, no xardín deste antigo castelo. A perda destas palmeiras non é un drama ecolóxico, porén resulta triste que despois de case cen anos, acabaran así.

AS PALMEIRAS DO CENTRO DE SAÚDE GUARDÉS

Imaxes de catro das seis palmeiras que se podían ver no entorno do centro de saúde local no mes de outubro do ano 2015. No exemplar da esquerda xa se apreciaban os primeiros síntomas do ataque do picudo. Non tardaría moito tempo en ter que ser eliminada.



A segunda fotografía corresponde ao mes de setembro do ano 2018. Xa só quedaba unha palmeira e o tronco doutra. As demais foran eliminadas tras sufrir o ataque irreversible do escaravello.

A terceira fotografía corresponde ao mes de outubro tamén do ano 2018, ou sexa, só transcorrera un mes dende a fotografía anterior a esta. Con esta serie de fotografías vese que o picudo vermello ademais de ser letal, a súa actuación é rápida e inexorable.

Ningunha das seis palmeiras que había arredor do centro sanitario foran tratadas nin antes, nin cando apareceron os síntomas.



Camposancos, tronco dunha das palmeiras que había nunha vivenda na baixada ao Pasaxe, 19/11/2015. O tronco foi aproveitado como soporte de varios elementos decorativos. Non debería ser este o destino final, senón a eliminación do tronco, mais os prezos prohibitivos da súa eliminación, fai que os propietarios opten pola opción menos dolorosa economicamente, deixar a palmeira, ou o que queda dela, no mesmo lugar no que se achaba.



Secuencia temporal dos efectos do picudo nunha das palmeiras que había na estrada de Circunvalación. Na da esquerda, a palmeira semella que se atopaba en bo estado, pero os escaravellos xa estaban no seu interior. Un mes despois, foto central, os efectos xa son moi visibles, a coroa carece do penacho central e as follas empezan estar decaídas. Finalmente, fotografía da dereita, un ano despois xa nada se podía facer, posto que secara totalmente. Unha vez chegada a esa última fase, os insectos carecen de alimento e aqueles que completaron o ciclo sairán na procura doutras palmeiras. As pupas tamén continuarán o seu desenvolvemento no interior das cápsulas. O resto das larvas morren ao carecer de alimento.



A cotorra de Arxentina (*Myiopsitta monachus*), é unha especie exótica que chegou ao Baixo Miño a finais da década dos oitenta do século pasado, probablemente a partir de exemplares que escaparon do seu cativerio. O municipio da Guarda é o único dos do Baixo Miño que conta con esta especie. Esta ave móvese fundamentalmente polo entorno próximo a Alameda guardesa, desprazándose, en maior ou menor medida, polos arredores da mesma.

Na palmeira histórica da Alameda así como na da finca de Celso Vicente, este loro tiña algúns dos

Cotorra de Arxentina construíndo, ou reparando, un dos niños na finca de Celso Vicente, no Coruto, xustamente na palmeira “histórica” que alí había. A fotografía é do ano 2009, cando aínda non se tiña a máis mínima información de que o picudo chegaría a arrasar ás palmeiras non só da Guarda, senón de todo o Baixo Miño galego-portugués.

seus niños. O resto das palmeiras eran utilizadas como durmideiros ou zonas de descanso. Esperábamos que a presenza das cotorras supuxese un handicap na hora de establecerse o picudo nelas e por iso tiñamos certas esperanzas de que estas palmeiras “históricas” puidesen evitar o ataque do escaravello. As expectativas víronse truncadas cando observamos os primeiros síntomas do ataque na palmeira do Coruto que acabaría por sucumbir pouco tempo despois. O mesmo lle ocorreu á palmeira da Alameda guardesa, e moito nos tememos que lle sucederá outro tanto a única palmeira de Canarias que queda nese recinto.



Este é o aspecto dunha palmeira que xa está moi danada. A coroa aparece sen o penacho central. Posteriormente, as follas secan e caen pola acción do vento, a chuvia ou o seu propio peso. Este é un dos exemplares enfermos (exemplar macho) que había na entrada do Centro Cultural da Guarda, a finais do ano 2016. Ao seu carón había outra palmeira (femia) que finalmente tamén foi atacada. Ao parecer, os escaravellos prefieren inicialmente ás palmeiras machos.



É frecuente que ás palmeiras afectadas se lles poden as follas, pero isto só serve como medida de seguridade para evitar accidentes sobre as persoas. Unha palmeira podada, como é o caso da fotografía, segue a ser un potencial perigo para a expansión do escaravello, pois mentres as fibras estean en condicións, servirán de alimento para os insectos que están no seu interior. Os escaravellos soamente abandonarán o seu refuxio e sustento cando, xa adultos, a palmeira deixe de reportarles o necesario alimento, ou algúns deles vaian na procura de novas palmeiras para seguir a súa expansión.



ANABAM é unha entidade ecoloxista e naturalista que traballa na bisbarra galego-portuguesa do Baixo Miño. A parte galega está formada polos concellos de Tui, Tomiño, O Rosal, A Guarda e Oia. No que respecta á beira portuguesa, incluímos Valenca do Minho, Vila Nova de Cerveira, Caminha e a feligresía de Afife, si ben o campo de actuación desta asociación soamente abrangue ata a estrada EN 13 de Valenca ata Afife.

Para desenvolver as nosas accións baseámonos no **estudo, observación, protección, conservación e divulgación** do patrimonio natural da citada bisbarra, ademais da **Educación Ambiental**.

Para conseguir os fins que perseguimos, levamos a cabo **traballos de campo, exposicións, charlas divulgativas, campañas**, etc.

Os fondos necesarios para desenvolver as diferentes accións se conseguén polos aportes dos socios, donativos e subvencións.

As actividades e posta en funcionamento de **ANABAM** poden desenvolverse grazas ao labor altruista do voluntariado que dedica parte do seu tempo libre a esta asociación.

A colaboración cidadá é fundamental para conseguir os fins, que van enfocadas cara ao patrimonio natural. Por iso, precisamos a axuda de tódalas persoas que queiran colaborar por un Baixo Miño natural. Se ti es unha das persoas que deseja botarnos unha man, podes facelo de varios xeitos:

- Asociándote.
- Sendo voluntario.
- Por medio de donativos.

Sen a túa axuda, resulta máis difícil protexer a natureza.

Nós necesitámousche a ti!!!

O PATRIMONIO NATURAL DO BAIXO MIÑO necesítanos a nós!!!!